

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 18/09/2018 13:20:56

SAIDA 11703/18

D. Miguel A Delgado González
(Plataforma en Defensa del Sector
Marítimo Pesquero de Galicia —
PLADESEMAPESGA)
R/Juan Castro Mosquera nº28, 2º
dereita
15 005 A CORUÑA

Correo electrónico: prensa@pladesemapesga.com

Expediente **RSCTG 00109/2018**

Reclamante: PLADESEMAPESGA

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2018

Estimado Sr.:

Acusamos a recepción do seu escrito que tivo entrada nesta institución o día 24 de xaneiro de 2018, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude á Consellería do Mar, de acceso á información referente a información, memoria, datos, auditorías e certificacións da Campaña "Pesca de Rías " desde os anos 2009 ata o día de hoxe ou calquera outro que se poida relacionar, que deu lugar ao número **RSCTG 0109/2018**, ao que lle rogamos que faga sempre referencia nos posteriores escritos que nos dirixa sobre este asunto, sendo o Secretario da Comisión da Transparencia, Santiago González Serrano, a quen se poderá dirixir para coñecer a situación e a valoración do seu expediente.

A fin de axilizar os trámites, e segundo o establecido no art. 22 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, poñemos á súa disposición un correo electrónico no que poderá remitir tanto a documentación, que se lle requira ou considere necesaria para a tramitación do expediente, como calquera cuestión que considere para a incorporación ao expediente (reclamacions@comisiondatransparencia.gal)

Neste caso, e se vostede o solicitara, remitirémolles unha copia do seu escrito na que figurará o rexistro de entrada na institución.

Con esta mesma data procedemos a dirixirnos á administración para requirirille o expediente administrativo.

Indicámoslle así mesmo, que a disposición adicional primeira da Lei 19/2013, do 9 de decembro dispón que, cando exista unha normativa reguladora específica de acceso á información, será esta a que deba aplicarse a aqueles que teñan a condición de interesados nun procedemento administrativo en curso para a obtención dos documentos que se integren no mesmo, polo que no caso de que a administración indique a existencia dun procedemento administrativo específico procederase a súa inadmisión.

En relación á instrución do seu expediente indicámoslle que corresponde á Presidencia da comisión designar a persoa que elabora a proposta de resolución e elevar as propostas de resolución á Comisión. Igualmente, indicámoslle que a preparación do despacho dos asuntos e a dirección dos traballos administrativos da Comisión son funcións da Secretaría da Comisión .

Por último indicámoslle que, a resolución destes expedientes faise por estrita orde de entrada, e poderá vostede seguir as resolucións desta comisión no seguinte enderezo:
<http://www.comisiondatransparencia.gal/es/resoluciones-comision-da-transparencia/>

Un atento saúdo,



Milagros María Otero Parga
Presidenta da Comisión da Transparencia